



SOMOS PAISAXE

Somos Paisaxe é unha iniciativa de divulgación que trata de achegar as paisaxes e as persoas a través do re-coñecemento dos elementos que as compoñen, a comprensión das súas dinámicas e procesos e a actuación pola posta en valor do carácter competitivo que teñen as Paisaxes Galegas.

Bases do concurso “A túa paisaxe do verán”

No marco do programa Somos Paisaxe financiado polo Insitituto de Estudos do Territorio, a Fundación Galicia Sustentable establece o concurso de fotografía **A túa paisaxe do verán** co que se pretende activar unha mirada da poboación sobre a paisaxe que transcenda o estético e comunique aspectos relacionados cos valores da paisaxe no desenvolvemento socioeconómico e/ou no benestar dunha sociedade.

1. Participación.

Estas bases dan cobertura ao concurso de fotografía **A túa paisaxe do verán**.

Neste concurso poderá participar calquera persoa maior de idade.

As obras serán de autoría individual.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas as súas bases.

2. Tema dos traballos.

O tema do concurso é **a paisaxe nunha perspectiva ampla que esceda a puramente estético**, considerando as súas implicacións para a sociedade, o valor da paisaxe no desenvolvemento de Galicia e á súa capacidade para contribuir a mellorar a calidade de vida da poboación.

Valorarase sobre todo a capacidade do traballo para transmitir distintas percepcións da paisaxe e aspectos non evidentes como o seu

carácter sistémico e dinámico da paisaxe.

A modo de inspiración, podense considerar temas como:

- **As percepcións da paisaxe:** como se percibe a paisaxe por distintas persoas ou en distintos momentos.
- **A paisaxe como sistema:** a complexidade da paisaxe como sistema.
- **Evolución das paisaxes:** a historia das paisaxes e dinamismo a través dos cambios.
- **Paisaxes cotiás:** arredor de experiencias simples, observacións da nosa vida cotiá que estean afectadas ou afecten ás paisaxes.

3. Prazos.

Os traballos poderán ser enviados desde o día **1 de agosto de 2015** e o prazo de recepción dos mesmos rematará o **21 de setembro de 2015**.



SOMOS
PAISAXE

As resolucións do Xurado comunicaranse por correo electrónico ás gañadoras ou gañadores no mes de **outubro do 2015** e serán publicadas na páxina web <http://www.somospaisaxe.com>.

A entrega de premios poderá ser realizada nun acto público.

4. Proceso de participación.

Cada participante poderá enviar máis dunha fotografía. As obras presentadas non poderán ter sido premiadas en concursos anteriores. As e os participantes deben posuír todos os dereitos sobre o material presentado.

4.1. Envío de fotografías.

Só se admitirán imaxes en formato dixital en alta calidade. **As imaxes deberán ter un tamaño mínimo de 1.800x1.800 píxeis. O arquivo non deberá superar os 1,5 MB de tamaño.**

As imaxes irán acompañadas dun título, así como dun texto explicativo (máximo 100 palabras) sobre a imaxe, o que representa e a súa relación coa temática do concurso.

As fotografías enviaranse con **formato JPG** exclusivamente por correo electrónico a participa@galiciasustentable.org indicando no asunto **Concurso a túa paisaxe do verán**.

Incluiranse no corpo do correo electrónico os datos persoais do autor ou autora (nome e apelidos, data de nacemento, enderezo electrónico, e teléfono) así como o texto explicativo.

As imaxes que non cumpran estes requisitos non serán admitidas.

Cada participante debe posuír todos os dereitos sobre o material presentado.

4.2. Valoración dos traballos

O xurado valorará tanto aspectos paisaxísticos da fotografía presentada como o seu carácter divulgativo para o que se apoiará no texto que acompaña ao traballo.

O fallo do concurso terá lugar durante o mes de outubro de 2015. A organización comunicará a través da páxina web de Somos Paisaxe e as canles de comunicación asociadas o fallo do concurso. As resolucións do Xurado serán inapelables e o resultado final será irrevogable.

5. Comité Organizador e Xurado.

O Comité Organizador está formado pola coordinación do proxecto de Somos Paisaxe na **Fundación Galicia Sustentable**.

O Xurado será nomeado polo Comité Organizador e estará formado por **persoas relevantes no campo de coñecemento da paisaxe en Galicia**.

Os nomes do xurado e a súa afiliación serán comunicados unha vez pechada a fase de recepción de traballos.

A presentación das candidaturas supón a conformidade das e dos participantes coas bases.

Calquera cuestión non recollida nelas será resolta a discreción da organización.

As e os participantes comprométese a xustificar a veracidade dos datos que faciliten sobre as candidaturas presentadas.

6. Criterios de valoración, finalistas e recoñecementos.

De entre os traballos presentados a concurso, o xurado fará unha selección das **30 mellores fotografías que serán recoñecidas** coa súa impresión e itinerancia como parte da colección Somos Paisaxe. As autoras e autores destes traballos non recibirán ningún tipo de premio individual.

Desta selección de 30 obras o xurado escollerá as 4 obras finalistas. Para iso valorará a calidade artística a orixinalidade e o contido dos relatos e das fotografías, así como a relación coa temática da paisaxe tal e como se describe neste concurso. Terase tamén en conta o texto acompañante, valorándose que presente, de xeito sinxelo e accesible a todos os públicos á paisaxe.

O fallo do concurso terá lugar durante o mes de outubro de 2015. A organización comunicará a través da páxina web de Somos Paisaxe e os canles asociadas, o fallo do concurso.

Os premios poderán declararse desertos. O resultado final será irrevogable.

A organización declina calquera responsabilidade sobre conflitos de propiedade ou cesións de dereitos relativos as candidaturas.

7. Premios.

7.1. Premios do xurado

O primeiro premio do xurado estará dotado cunha cámara de fotos reflex (Canon EOS 100D ou similar)

As e os finalistas recibirán unha cesta de produtos agroalimentarios relacionados coas paisaxes galegas (valorada en 100€).

Todos estes premios estarán acompañados dun diploma acreditativo.

7.2. Premio especial da Fundación Galicia Sustentable

As obras presnetadas poderán optar a un premio especial da Fundación Galicia Sustentable, que baseándose nos seus propios criterios de selección, valorará e premiará unha das obras presentadas a concurso pola súa capacidade de transmitir as relacións entre paisaxe e sustentabilidade.

O traballo premiado pola Fundación Galicia Sustentable recibirá como premio unha excursión interpretativa dunha paisaxe galega para dúas persoas.

8. Publicación e exposición

A totalidade dos traballos recibidos serán expostos no portal web www.somospaisaxe.com.

Logo da resolución do concurso, publicarase un libro cunha selección dos mellores relatos presentados ao concurso. Os traballos incluídos na colección Somos Paisaxe formarán parte dunha exposición itinerante que percorrerá distintos lugares de Galicia con finalidade divulgativa.

O Comité Organizador de Somos Paisaxe reservase o dereito de incluír ou excluír traballos de exposición en función das necesidades organizativas que se presenten.

9. Reprodución das obras. Dereitos de imaxe.

De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, todas e todos os participantes cederán os dereitos en exclusiva de reprodución e difusión das obras presentadas sen necesidade de permiso

expreso e sempre que se identifique o nome do autor ou autora.

A propiedade intelectual dos traballos será de cada autor ou autores que desenvolvan estes e en todos os casos a publicación se realizará baixo o nome do autor ou autores do traballo.

Os autores ceden ao Comité Organizador de xeito exclusivo e coa facultade de cesión a terceiros, os dereitos patrimoniais de explotación das obras obxecto do presente concurso.

O Comité Organizador comprométese a exercitar os dereitos de explotación conforme aos bos usos e con rigoroso respecto aos dereitos morais do autor ou autora. O Comité Organizador poderá publicar as obras presentadas co único requisito de facer referencia á autoría e resérvase o dereito de exposición e distribución dos traballos presentados con fins non lucrativos. Esta cesión de dereitos será de ámbito mundial e terá carácter de exclusiva para aqueles participantes cuxas obras sexan seleccionadas para formar parte da colección Somos Paisaxe.

Os anteditos dereitos comprenden a explotación das imaxes, podendo libremente e sen contraprestación económica, proceder á súa reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en calquera medio, formato ou soporte coñecidos ou non na actualidade.

Os participantes conceden ao Comité Organizador o dereito a gravar e utilizar a súa imaxe e voz en actos derivados do presente concurso.

10. Aclaracións sobre estas bases.

Calquera aclaración, puntualización ou rectificación destas bases farase pública na web <http://www.somospaisaxe.com>.

Para calquera aclaración poden dirixirse a info@galiciasustentable.org.

Entidade responsable do concurso
Fundación Galicia Sustentable
CIF G70193537
info@galiciasustentable.org
<http://www.galiciasustentable.org>